



SI

O Software Libre nas empresas TIC de Galicia

Edición 2023



XUNTA
DE GALICIA

Índice de Contidos

1.	<u>Presentación</u>	3
2.	<u>Principais resultados</u>	5
	<u>2.1 Posición global: presenza do software libre</u>	6
	<u>2.2. Análise sectorial e provincial da presenza do software libre</u>	7
	<u>2.3. Uso do software libre</u>	8
	<u>2.4. Análise sectorial e provincial do uso do software libre</u>	9
	<u>2.5 Uso de software libre segundo equipo informático</u>	10
	<u>2.6 Tipoloxía de software dispoñible</u>	12
	<u>2.7 Formación en Software Libre nas empresas TIC</u>	13
	<u>2.8 As empresas como proveedoras de solucións TIC</u>	14
	<u>2.9 Barreiras usar e ofrecer Software Libre</u>	15
	<u>2.10 Propostas de actuación e nicho de mercado</u>	16

I. Presentación



I. Presentación

- Principais resultados dos indicadores sobre Software Libre integrados na **“Enquisa ás empresas TIC de Galicia”. Edición 2023.**
- Enquisa realizada polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) da Xunta de Galicia.

Obxectivos

Analizar a situación do Software Libre nas empresas TIC de Galicia, tendo en conta unha dobre vertente:

- Dispoñibilidade e uso dos distintos tipos de licenza de software no sector TIC.
- Oferta de produtos e servizos de Software Libre das empresas TIC aos seus clientes.

Metodoloxía da enquisa do OSIMGA

- 443 entrevistas a empresas galegas do sector TIC.
- Enquisa autoadministrada vía web ou con remisión de cuestionario vía correo postal, apoiada telefonicamente ou persoalmente para a súa cobertura.
- Traballo de campo: do 15 de maio ao 15 de xullo de 2023.
- A marxe de erro mostral para o conxunto da mostra é de $\pm 4,3\%$



2. Principais resultados




2.1 Posición global: presenza do software libre nas empresas TIC

A dispoñibilidade dalgún Software Libre mantense por riba do 84% nas empresas TIC galegas. No 2023, o 84,6% dispoñen deste tipo de software nos seus equipos informáticos, sexan ordenadores persoais ou servidores, o que supón un lixeiro incremento do 0,6% respecto ao ano anterior.

Evolución do Indicador
Empresas con Software Libre nalgún equipo informático
(ordenadores persoais e/ou servidores).

Base: empresas TIC




Fonte: OSIMGA



2.2 Análise sectorial e provincial do software libre: presenza do software libre

Empresas que dispoñen de software libre nalgún equipo informático por ubicación provincial da sede da empresa

Base: empresas TIC




Fonte: OSIMGA

- As empresas con sede na provincia de Lugo lideran a dispoñibilidade de software libre entre o sector TIC, acadando o 100%.
- Todos os sectores presentan unha alta porcentaxe de software libre nos seus equipos, aínda que as Manufactureiras TIC e as empresas Comerciais TIC son as que lideran a súa dispoñibilidade nalgún equipo informático.

Empresas que dispoñen de software libre nalgún equipo informático por actividade da empresa TIC

Base: empresas TIC



Fonte: OSIMGA

2.3 Uso de software libre


No 2023, a utilización prioritaria do software libre sobre o privativo, nas empresas que teñen software con este tipo de licenza, sitúase por riba do 55% nas empresas TIC galegas. O 55,3% empregan máis este tipo de software que o privativo nos seus equipos informáticos, sexan ordenadores persoais ou servidores.



Uso do software libre nalgún equipo informático

Empresas que usan tanto ou máis software libre ca privativo

Base: empresas TIC que dispoñen de software libre




Fonte: OSIMGA

2.4 Análise sectorial e provincial do uso software libre

Empresas que utilizan máis o software libre que o privativo por ubicación provincial da sede da empresa


Base: empresas TIC que dispoñen de software libre



Fonte: OSIMGA

Empresas que utilizan máis o software libre que o privativo por número de empregados/as

Base: empresas TIC que dispoñen de software libre



Fonte: OSIMGA


As empresas TIC de Lugo e Ourense lideran o uso do software libre.

Máis do 56% das empresas TIC de 0 a 2 empregados/as que dispoñen de solucións de software libre utilízano tanto ou máis que as solucións de software privativo, que é máis utilizado nas empresas de 3 a 9 empregados

Nas empresas do sector de "Telecomunicacións" que teñen solucións con este tipo de licenza, o uso prioritario destas mantense por riba do 66%.

Empresas utilizan máis o software libre que o privativo por actividade da empresa TIC

Base: empresas TIC que dispoñen de software libre




Fonte: OSIMGA

2.5 Uso de software libre segundo equipo informático

Uso do software libre nos ordenadores persoais

Empresas que usan tanto ou máis software libre ca
privativo

Base: empresas TIC que dispoñen de software libre




Fonte: OSIMGA

O 41% das empresas que dispoñen de software libre nos ordenadores persoais, empregan tanto ou máis software libre ca privativo.

Uso de software libre nos ordenadores persoais

Base: empresas TIC que dispoñen de software libre




Fonte: OSIMGA

2.5 Uso de software libre segundo equipo informático

Uso do software libre nos servidores (físicos e virtuais)

Empresas que usan tanto ou máis software libre ca privativo

Base: empresas TIC que dispoñen de software libre




Fonte: OSIMGA



O 58,6% das empresas que dispoñen de software libre nos servidores, empregan tanto ou máis software libre ca privativo. O 33,3% destas empresas teñen só software libre nos servidores, xa sexan servidores físicos ou virtuais.

Uso de software libre nos servidores (físicos e virtuais)

Base: empresas TIC que dispoñen de software libre




Fonte: OSIMGA

2.6 Tipoloxía de Software dispoñible

Aplicacións de Software Libre / Privativo dispoñibles nas empresas.

Base: empresas TIC



Fonte: OSIMGA


As aplicacións libres con maior implantación nas empresas galegas seguen a ser os navegadores de internet, as aplicacións ofimáticas libres e xestor de correo electrónico e "outras aplicacións", todos eles con máis do 50%.

2.7 Formación en Software Libre nas empresas TIC

Formación en TIC

Formación en TIC recibida polo persoal técnico e usuario

Base: empresas TIC



Fonte: OSIMGA

Nas empresas TIC galegas, deuse prioridade á formación en software de ámbolos dous tipos de licenza, libre e privativa. Deste xeito, o 67,8% das empresas TIC formaron aos empregados/as das súas empresas en software libre.


2.8 As empresas como provedoras de solucións

Entre as empresas TIC que ofertan cada tipo de software, a metade ou máis ofertan a modalidade de licenza libre en 7 das 13 que se analizan.

No caso das ferramentas de e-learning, hai máis empresas que ofrecen solucións libres ca privativas.

Produtos de Software Libre que ofrecen as Empresas TIC

Base: empresas TIC que ofrecen produtos ou servizos de software



Fonte: OSIMGA


2.9 Barreiras para non usar e ofrecer Software Libre

- Non varían as principais razóns para non empregar Software Libre respecto a outros anos.
- As razóns polas que as empresas afirman non contar con software libre son principalmente a percepción de que "Non ofrecen prestacións necesarias" (36,5%), seguido da opinión da "Falta de provedores ou soporte" (32,4%).

- O principal motivo polo que algunhas das empresas do sector TIC non ofrecen produtos baseados en solucións libres é que non están na liña de negocio da empresa (61,6%), e que estiman que os clientes non o demandan ou valoran (40,4%).

Barreiras das empresas para non empregar Software Libre


Base: empresas TIC que non usan software libre



Fonte: OSIMGA

Barreiras das empresas para non ser provedoras de Software Libre

Base: empresas TIC que non ofrecen produtos ou servizos de Software Libre




Fonte: OSIMGA

2.10 Propostas de actuación e nicho de mercado

- No 2023, o 42,7% das empresas TIC indican que as axudas e subvencións serían a principal media impulsora do software libre.
- Máis do 80% das empresas TIC indican que o máis valorado do software libre é o seu custe.

Accións promotoras do Software Libre que demandan as propias empresas

Base: empresas TIC



Fonte: OSIMGA

Aspectos máis valorados dos clientes do Software Libre

Base: empresas TIC que ofrecen produtos ou servizos de Software Libre



Fonte: OSIMGA



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



OBSERVATORIO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN
E A MODERNIZACIÓN DE GALICIA